



SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE BAIONA

MOCIÓN

INSTALACIÓN DE PUNTOS DE CARGA PARA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aparición dos vehículos eléctricos no mercado automobilístico facilita a redución da contaminación atmosférica con gases como o dióxido de carbono, dióxido de nitróxeno, partículas en suspensión, etcétera, alén de reducir notabelmente a contaminación acústica producida polo uso de automóbiles con motor de explosión.

Porén, ao tempo, obríganos a investigar cales van ser as necesidades xurdidas destas circunstancias, así como a prever solucións asociadas fundamentalmente á instalación de infraestruturas de apoio a esta nova tecnoloxía, tanto na construción de novos edificios como en equipamentos municipais.

Tanto os vehículos eléctricos como os híbridos enchufábeis fan necesario que os edificios e espazos públicos estean dotados da infraestrutura axeitada para poder subministrar a estes vehículos a enerxía que precisan.

Por estas razóns, o Bloque Nacionalista Galego – Asembleas Abertas somete a debate e aprobación polo Pleno Municipal esta moción proponendo a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Estudar a posibilidade de que quede establecida a obrigatoriedade en todo edificio de nova construción para o que se pida licenza de dotar aos garaxes da infraestrutura básica necesaria que posibilite a recarga das baterías dos automóbiles eléctricos.
2. Facilitar, naqueles edificios cuxos garaxes non estean dotados desta infraestrutura, a instalación das mesmas ás comunidades que así o requiran.
3. Iniciar os estudos técnicos necesarios para xeralizar a instalación de puntos de recarga nos edificios públicos do concello de Baiona onde sexa posíbel.
4. Iniciar un estudo para a modificación da Ordenanza Reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, incluíndo unha bonificación no mesmo aos vehículos eléctricos ou de emisións nulas.

Baiona, 20 de febreiro do 2017